



BASES CAMPAÑA “FELIZ DÍA DO PAI”

1. DENOMINACIÓN DA CAMPAÑA

CAMPAÑA FELIZ DÍA DO PAI 2026

2. ORGANIZA

- Nome da entidade: Asociación de Empresas de Redondela
- Domicilio social: R/ 8 de marzo, Nº 6. Redondela
- Número de CIF: G36039238
- Dirección de correo electrónico: info@empresasredondela.gal

3. PERÍODO TEMPORAL DA PROMOCIÓN

Poderán participar na promoción as persoas que realicen compras e **rexistren os tickets** das compras realizadas nos establecementos participantes na promoción nas datas comprendidas entre o **10 e o 19 de marzo de 2026**.

O prazo para rexistrar os tickets permanecerá aberto ata o día 22 de marzo ás 00:00h.

O sorteo realizarase na seguinte semana unha vez remate o prazo para rexistrar tickets.

4. ÁMBITO

A promoción aplícase aos establecementos asociados á Asociación de Empresarios de Redondela e adheridos á campaña dentro do ámbito territorial do Concello de Redondela.

5. REQUISITOS DE PATICIPACIÓN

Poderán participar na promoción as persoas físicas maiores de 18 anos que acepten as presentes bases.

Calquera conducta contraria a moral, a lei ou a imaxe da entidade organizadora ou calquera das persoas o empresas participantes dará lugar á exclusión da persoa participante.

Cada persoa consumidora obterá unha participación por cada euro de compra que realice en calquera dos establecementos asociados adheridos á promoción. Cada ticket so poderá ser rexistrado unha vez e non poderá ser usado por persoas diferentes.

Cada persoa consumidora terá que rexistrarse como usuaria na plataforma de rexistro de compras unha soa vez e poderá participar tantas veces como tickets válidos rexistre. Para que a participación sexa correcta deberá subir unha foto perfectamente lexible do ticket de compra á plataforma de rexistro de comprar <https://www.participa.empresasredondela.gal/>

A participación é gratuíta e non comporta ningún pago adicional. As persoas titulares ou traballadoras dos establecementos participantes non poderán participar rexistrando tickets dos seus propios establecementos pero sí os de outros establecementos.

6. MECÁNICA DA PROMOCIÓN

Para participar na promoción deberá:

- Realizar compras en calquera dos establecementos adheridos na campaña nas datas establecidas para a mesma.
- Subir unha foto do ticket ou documento xustificante da compra a www.participa.empresasredondela.gal
- Complimentar os datos do formulario de rexistro.

O sorteo realizarase sobre a plataforma dixital da propia entidade PARTICIPA! garantindo, a empresa programadora do sistema, Ayco internet,

S.L., a total transparencia e imparcialidade no sistema de elección das persoas ganadoras.

Os premios resultantes comunicaranse ás persoas gañadores por e-mail, teléfono ou whatsapp e publicarase nos medios de comunicación, redes sociais na entidade e calquera outro canal que a entidade organizadora considere conveniente.

En caso de non poder contactar coa persoa premiada no prazo de 48 horas ou que a persoa premiada incumpra algún dos requisitos establecidos nesta bases, procederase a asignar o citado premio a unha persoa suplente e o premio non poderá ser reclamado.

O número de suplentes que se establece será de un por cada premio. En caso de que algún premio quedara deserto, a entidade organizadora poderá dispoñer do mesmo na forma que considere conveniente.

Así mesmo, a entidade organizadora resérvase o dereito a excluír da presente promoción a aqueles participantes que sospeite ou detecte que teñan participado de maneira fraudulenta.

Os premios non poderán ser obxecto de cambio ou alteración ou compensación. En caso contrario perderanse todos os dereitos ao mesmo.

7. PREMIOS.

A promoción contará cos seguintes premios:

- **1 camiseta do Real Club Celta de Vigo.**

O premio contido na presente promoción, en ningún caso poderá ser obxecto de cambio, alteración ou compensación económica a petición da persoa gañadora.

A persoa gañadora deberá acudir persoalmente (ou no seu nome, outra persoa que designe) a recoller o premio no lugar, día e hora que sexa acordado ou designado pola entidade organizadora.

Non se enviará a domicilio.

8. RETENCIÓN FISCAL

De conformidade coa normativa do Imposto sobre a Renda da Persoas Físicas (IRPF) os premios concedidos pola participación en xogos, concursos, rifas ou combinación aleatorias vinculas a venda ou promoción de bens ou servizos están suxeitas a retención ou ingreso a conta sempre que o valor do premio sxa supere a trescentos euros (300€).

9. PROTECCIÓN DE DATOS

En cumprimento da normativa en materia de protección de datos, Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016 (GDPR), da Ley Orgánica 3/2018, de Protección de Datos de Carácter Personal y Garantía de los Derechos Digitales, de 5 de diciembre (LOPD), Lei Orgánica 15/1999 de Protección de Datos de Carácter Persoal (LOPDCPR, 15/99) e o Regulamento de Desenvolvemento da LOPDCP (Real Decreto 1720/20007. De 21 de decembro), informamos as persoas participantes a través dos enlaces dispoñibles nos formularios de participación.

Mediante o marcado das correspondentes caixas incluídas no formulario de rexistro e participación a persoa participante consente de maneira expresa o tratamento dos seus datos.

As persoas participantes poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante o envío de correo electrónico a info@empresasredondela.gal ou por correo postal dirixíndose a R/ 8 de Marzo, Nº 6, 36800, Redondela, Pontevedra.

Pode consulta a política de privacidade e protección de datos accedendo ao portal web <https://www.empresasredondela.gal/noticias/proteccion-de-datos>.

10. DEREITOS DE IMAXE

A aceptación dos premios polas persoas agraciadas implica a autorización á Asociación de Empresas de Redondela e os seus asociados para empregar e publicar o seu nome e apelidos, e a súa imaxe, en calquera actividade promocional relacionada coa campaña ou medio de comunicación e/ou publicitario, así como no caso de resultar premiado, para publicar a súa condición de persoa ganadora e xestionar a entrega do premio.

11. RESEVAS E LIMITACIÓNS

A entidade organizadora queda exonerada de toda responsabilidade en caso de mal funcionamento das redes de comunicación electrónica ou da páxina web que impidan o limiten o normal funcionamento da aplicación por causas alleas a mesma e especialmente por actos externo de mala fe ou ataque informáticos. Tampouco será responsable pola perda de datos non imputable a propia entidade ou por erros nos software ou hardware das persoas participantes. A entidade resérvase o dereito a modificar, ampliar, suspender, restrinxir ou retirar a presente promoción en calquera momento, por razóns de forza maior ou causas xustificadas, sen que as persoas participantes poidan esixir responsabilidade algunha á entidade organizadora, nin as empresas adheridas á campaña.

12. ACEPTACIÓN DAS BASES

A mera participación na campaña supón o coñecemento e a aceptación íntegra das presentes bases, da política de privacidade, da protección de datos e da submisión expresa ás decisións e interpretacións da entidade organizadora, deixando constancia a persoa participante de ter lida toda a documentación e estar de acordo mediante o marcado das correspondentes casillas do formulario de participación.

Ante calquera discrepancia na interpretación destas bases ou ante calquera incidencia que puideran xurdir no desenvolvemento da campaña prevalecerá o criterio da entidade organizadora.

A entidade organizadora non se fai responsable dos erros que poidan cometer as persoas participantes na cumprimentación dos datos.

Toda a información sobre as bases estará dispoñible a través do portal web www.empresasredondela.gal e calquera outra dúbida poderá consultarse na sede da Asociación de Empresarios de Redondela (R/ 8 de Marzo, Nº 6 - Redondela-Pontevedra) ou a través do teléfono 986404012 ou no enderezo electrónico nfo@empresasredondela.gal.